



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Valverde Mayo
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Avda. de Sanguñeda nº 125 - 36419 –
Sanguñeda-Mos.

Teléfonos: 886110356 – 886110358.
ceip.mestre.valverde@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrealverde/>

PXAD

Plan Xeral de
Atención á Diversidade

CEIP MESTRE VALVERDE MAYO
CURSO 2023/2024

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA CON CONTEXTO.....	páx. 3
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	páx. 9
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.....	páx. 14
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	páx. 16
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	páx. 22
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.....	páx 25
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS.....	páx. 32
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	páx. 33
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	páx. 35
10. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	páx. 43

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA CON CONTEXTO

O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado no noso centro e, principalmente, aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ao alumnado con altas capacidades, ao alumnado de integración tardía no sistema educativo e a calquera outra necesidade educativa.

A diversidade é unha realidade existentes en todos os centros, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitos. En consecuencia, o centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 3.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Neste contexto, os proxectos do centro asumen, tanto a nivel conceptual coma metodolóxico e organizativo, a diversidade como factor inherente a todo grupo humano, e concibe á persoa como sistema aberto e dinámico que afirma a posibilidade de transformación nunha dobre dirección: como desenvolvemento das súas potencialidades como individuo e como modificador do contorno (familia e escola) no que se atopan.

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta á educación de calidade de todo o centro e supón dar o paso a unha escola integradora máis tolerante e inclusiva, na que se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade educativa.

Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor no eixo principal da resposta educativa á diversidade dende a propia programación da aula e, singularmente, aos alumnos/as e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. A responsabilidade non debe desplazarse do titor/a aos distintos profesionais, polo contrario, estes deben colaborar con aquel, dacordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben asegurar no posible, a atención singular aos alumnos/as que precisen deles.

Recóllese como necesario establecer unha atención permanente á diversidade do alumnado, para o cal os centros docentes e o profesorado deberán fixar nos seus correspondentes proxectos educativos diversas medidas. Estas medidas serán tanto de tipo organizativo coma de tipo curricular e permitirán que o centro poida acometer, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que determinarán as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

O reto consiste en ofrecer a todo o alumnado a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención educativa á individualidade. Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras de cubrir as necesidades educativas que presente o noso alumnado.

Polo tanto, o Plan de atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo de forma máis permanente.

No CEIP Mestre Valverde Mayo pretendemos dar resposta educativa a todas as necesidades que se plantexan. Priorizamos, nas intervencións, calidade nas relacións entre iguais e somos conscientes da importancia das repercusións que sobre os aprendizaxes ten un axuste emocional axeitado. Consideramos os aspectos sociais como prioritarios e tamén unha educación inclusiva e compensadora.

En definitiva pensamos que aos alumnos/as débeselles educar a aprender a vivir xuntos. Para que iso sexa posible é necesario reforzar a relación entre o centro e as familias e fomentar a coordinación entre os distintos membros da comunidade educativa.

Seguiremos as seguintes referencias legislativas na posta en marcha do noso Plan de Atención á Diversidade:

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade

Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro (DOG do 10 de marzo), polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo), pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

- Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 de xaneiro de 2003), pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

- Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG do 26 de febreiro), pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

- Resolución do 22 de decembro de 2004 (DOG do 4 de xaneiro de 2005), de Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan

instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Proxecto de Decreto xx/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG do 25 de maio), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño (DOG do 15 de xullo), de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG do 21 de decembro), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro (DOG do 23 de decembro), polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 9 de xuño de 2016 (DOG do 10 de xuño), pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A identificación das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado é o paso previo para a intervención educativa. A finalidade do proceso de identificación é valorar as dificultades e posibilidades de cada alumno e alumna. Farase unha análise interactiva, na que se terá presente tanto o alumno/a como o seu contexto.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación e avaliación psicopedagóxica.

A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa.

A principios de curso, Orden de 25 de enero de 2022, por la que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato en el sistema educativo de Galicia, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a

mesma detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo, que se comunicarán ao xefe/a do Departamento de Orientación.

O profesorado titor realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará nunha ficha de demanda.

Recollida a demanda, a partir da información rexistrada polos profesionais mencionados, a persoa responsable do Departamento de Orientación revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe. Nun principio intentarase dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias.

Así mesmo realizarase unha avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa nas áreas que se considere.

Previamente á avaliación psicopedagóxica, o titor/a contactará coa familia, á que se lle informará da conveniencia de realizar dita avaliación. Ademais familia recibirá un documento informativo sobre a valoración psicopedagóxica que se vai realizar.

Realizarase unha avaliación psicopedagóxica, regulada pola orde 8 se Setembro do 2021 di que é o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe (características do alumno/a, do seu contexto sociofamiliar e contexto escolar) para identificar as súas necesidades educativas e poder fundamentar as decisións respecto a aspectos como: modalidade de escolarización máis axeitada, proposta de flexibilización do período de escolarización, elaboración de adaptacións curriculares, determinación de recursos e apoios específicos complementarios e orientación escolar.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico.

Os documentos relativos á Avaliación Psicopedagóxica terán carácter confidencial. A custodia destes documentos é competencia do Departamento de Orientación e samente se dará traslado ao expediente do alumno/a a información relevante para a intervención educativa dos docentes.

No Informe Psicopedagóxico farase constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa actual do alumno/a, a concreción das necesidades, si é o caso a proposta curricular e os tipo de apoios que poida precisar durante a súa escolaridade.

En moitas ocasións, no proceso de avaliación psicopedagóxica trabállase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É frecuente detectar indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área educativa e sanitaria simultaneamente.

Elaborarase un informe educativo destinado aos servizos sanitarios, poñéndoo en coñecemento do equipo directivo do centro. Así mesmo comunicarase o contido do mesmo aos pais ou tutores legais do alumno/a.

Unha vez que o/a pediatra teña no seu poder o informe derivará ao alumno/a con dificultades ao servizo que considere oportuno. Nestes casos pídeselle aos pais que soliciten un informe clínico para o centro educativo co fin de elaborar un plan de actuación e seguimento a nivel educativo pero en coordinación cos profesionais sanitarios. Estes datos serán postos en coñecemento do Equipo directivo e do profesorado titor, que terán en conta a súa confidencialidade.

Procedemento a seguir ante a solicitude de praza de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

1. Solicitude de admisión dun alumno/a con necesidade específica de apoio educativo por parte da familia, acolléndose á reserva de tres postos escolares por unidade, en 4º de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria.
2. Reunión do director/a, orientador/a e familia: Para a recollida de datos sobre o desenvolvemento xeral do alumno/a e o contexto socio familiar, informar á familia do proceso a seguir e da necesidade da realización dunha Avaliación Psicopedagóxica e citar ao neno/a para realizar a valoración inicial das súas necesidades específicas, nivel de competencia curricular e estilo de aprendizaxe.
3. Elaboración da Avaliación Psicopedagóxica por parte do Orientador/a do Centro. Se procede poderase solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico.
4. O Orientador/a informa á familia do resultado da Avaliación Psicopedagóxica, dos servizos educativos da zona e da proposta de escolarización máis axeitada. Recollerase a opinión asinada dos pais.
5. O Orientador/a cubrirá o Ditame de Escolarización que incluírá os seguintes documentos, segundo a *orde 8 de setembro de 2021*:

- Conclusións da avaliación psicopedagóxica referidas ao desenvolvemento xeral do alumno/a, ao seu nivel de competencia curricular e outras condicións significativas para o proceso de ensinanza aprendizaxe; sobre as necesidades educativas detectadas.

- Orientacións sobre a proposta curricular axeitada, aspectos organizativos e metodolóxicos, tipos de apoios persoais e materiais e dispoñibilidade destes recursos no centro.

- Proposta razoada de escolarización en función das necesidades e das características dos centros da zona e prazo de revisión da proposta.

- Opinión dos pais asinada en relación á proposta de escolarización.

O Ditame de Escolarización levárase a cabo tamén cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización e o alumno/a xa pertence ao centro.

6. A Dirección do centro dará traslado da proposta do Ditame de Escolarización á Inspección.

7. A Inspección emitirá un Informe sobre a idoneidade da proposta de escolarización, a oferta da zona, do centro, se recolle os dereitos dos alumnos/as e os das familias, e o levará xunto co Ditame de Escolarización ao Delegado ou presidente da comisión de escolarización quen resolverá sinalando a modalidade máis axeitada de escolarización e o centro escolar que corresponda.

8. O Director/a informa ao Orientador/a e este á familia da resolución.

Procedemento de traslado de centro dun alumno/a con necesidade específica de apoio educativo:

O noso centro remitirá a petición do centro de destino os seguintes DOCUMENTOS:

- Historial académico da Educación Primaria.

- Informe de avaliación final de nivel/ etapa, se o cambio se produce ao rematar o nivel/ etapa. Faranse constar as medidas de atención á diversidade adoptadas.

- Informe persoal por traslado, se o cambio se produce sen rematar o ciclo. Faranse constar as medidas de atención á diversidade adoptadas.

- Informe psicopedagóxico, recolle os datos máis relevantes das Avaliacións Psicopedagóxicas.

- Documento de Adaptación Curricular (DAC) se existe.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

As medidas de atención á diversidade, coa súa posta en práctica, irán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.
- Facilitar ao alumnado o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e a adquisición das competencias básicas e dos obxectivos do currículo establecidos para a educación primaria, garantindo así o dereito á educación que o asiste.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- Establecer os mecanismos axeitados e as medidas de apoio e reforzo precisas que permitan detectar tanto as dificultades de aprendizaxe e escolares que puidese presentar o alumnado, así como o desenvolvemento intelectual do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.

- Marcar as pautas de actuación na titoría e orientación educativa do alumnado e na relación coas familias para apoiar o proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Garantir a coordinación entre departamentos de orientación, o profesorado e os centros docentes que imparten a educación infantil, primaria e a educación secundaria obrigatoria.
- Fomentar a participación dos pais/nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Actuacións na intervención educativa:

- Diseñar un proceso de ensino aprendizaxe significativo e funcional, elaborando os procesos de mediación necesarios.
- Facilitar a construción autónoma das aprendizaxes deseñando estratexias que faciliten a actividade, tanto física como mental, a autoavaliación e autocorrección, partindo do entorno máis próximo e apoiadas en variedade de estímulos.
- Fomentar o uso da aprendizaxe cooperativa e a participación mediante a flexibilidade nos agrupamentos.
- Establecer tempos e espazos para o apoio integrado na unidade ordinaria, facilitando a incorporación dos mestres de apoio na aula, nun intercambio de roles e participación conxunta.
- Estimular o interese, as actitudes favorables, a superación e a solidariedade fronte ás dificultades.
- Fomentar o uso das tecnoloxías e promover o uso dos recursos audiovisuais dispoñibles no centro, pois resultan máis motivadores, facilitan a autoavaliación, a repetición en diferentes contextos e polo tanto a transferencia.
- Potenciar as actividades de atención e de motivación, é importante a orde na clase e nos materiais, implicando ao alumnado neste proceso, asignando

persoas responsables elixidas democráticamente, establecendo normas de clase consensuadas....

- Establecer programas tutoriais de mellora do autoconcepto e da autoestima buscando destacar o mellor de cada alumna/o tentando que o grupo aprenda a apreciar as aportacións individuais de todos e cada un.
- Facer uso das axendas de planificación de actividades e seguimento, establecendo normas de cumprimento e penalización consensuadas...
- Diseñar estratexias que favorezan a autoavaliación e avaliación formativa.
- Fortalecer as vías de participación familiar mediante a acción tutorial, comunicando tanto os avances como as dificultades.

Medidas e /ou programas para a atención á diversidade:

A atención á diversidade garantirá o acceso e a permanencia no sistema educativo do **alumnado con necesidade específica de apoio educativo**, entendendo por tal o alumnado con necesidades educativas especiais, que se incorpore de forma tardía ao sistema educativo, ou que presente altas capacidades intelectuais.

As **medidas de atención á diversidade** poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán ao centro, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais que se lles asignen de acordo coa planificación educativa e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Estas medidas, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe e estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas que presenten.

A atención á diversidade do alumnado será a pauta ordinaria da acción educativa no ensino obrigatorio, para o cal se favorecerá unha **organización flexible, variada e individualizada** da ordenación dos contidos e do seu ensino. De acordo con iso, o profesorado terá en consideración nas programacións dos contidos e das actividades as diversas situacións escolares e as características específicas do alumnado ao que atende.

As medidas de atención á diversidade non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

As medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, e reflíctense no Proxecto Curricular e no Proxecto Educativo.

MEDIDAS ORDINARIAS:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Tanto as familias como a dirección do centro deberán estar informadas da aplicación destas medidas.

Liñas xerais para a acollida e o tránsito entre etapas educativas

As actividades recollidas neste apartado terán os seguintes **obxectivos** xerais:

1. Facilitar a adaptación ao contexto escolar do alumnado de novo ingreso na etapa, así como daquel outro alumnado que se incorpore á Educación Primaria sen estar previamente escolarizado.
2. Facilitar a acollida do alumnado no instituto de Educación Secundaria no que se escolarice.
3. Intercambiar datos, documentación e información de interese para mellorar a resposta educativa ao conxunto do alumnado en Educación Secundaria Obrigatoria, prestando singular atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
4. Orientar as familias sobre aqueles aspectos que faciliten a adaptación do alumnado á nova etapa educativa.

Para conseguir os anteriores obxectivos, a actuación xeral que realice o centro estará marcada polas seguintes **actividades**:

- a) Realizar, charlas cos alumnos de 6º curso de Educación Primaria dirixidos a aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudos, unha vez finalizada esta etapa educativa, todo iso dentro do programa de actuación correspondente desenvolvido polo Departamento de Orientación.
- c) Realizar unha charla informativa cos pais e as nais do alumnado do 6º curso de Educación Primaria, co fin de solucionar as dúbidas que puidesen ter en relación cos estudos que deberán iniciar os seus fillos/as unha vez finalizada a Educación Primaria.

- d) Manter reunións de coordinación, convocadas pola Xefatura de Estudos, entre o profesorado compoñente do equipo docente do curso Infantil de 5 anos e o do 1º curso de Educación Primaria, invitando á súa asistencia ao orientador/a e ao profesorado de apoio.
- f) Realizar unha visita ao IES co alumnado de 6º.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Virán determinadas pola avaliación psicopedagóxica das necesidades dos alumnos/as entendéndose por apoio educativo, a atención educativa que certos alumnos/as precisan para acadar os obxectivos xerais do currículo satisfactoriamente. Algunhas destas estratexias realízaas o profesorado titor ou especialista na materia dentro do grupo clase, mentres que outras requiren da intervención cun reforzo educativo por parte dos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, que pode realizarse dentro ou fóra da aula, tamén individualmente ou en pequeno grupo.

Organización dos apoios

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos a cada etapa educativa.

Naqueles casos de necesidade específica de apoio educativo, a avaliación psicopedagóxica debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase

curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en base a esta.

Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas das linguas (castelá e galega), matemáticas ou ciencias, e non nas distintas especialidades.

Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

As familias do alumnado serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:

- A resposta educativa que precise o alumno/a con necesidade específica de apoio educativo non poida desenvolverse dentro da aula ordinaria.
- Alumnado que teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media hora.

Este apoio levarase a cabo coas especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Os apoios fóra da aula non excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva. Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e das medidas tomadas, introducíndose as medidas correctoras oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.

Criterios de atención

Na atención ao alumnado por parte dos especialistas de PT e AL seguiranse os seguintes criterios (aprobados na reunión do Departamento de Orientación celebrado o 29 de maio do 2018):

- 1) Atenderase de forma preferente ao alumnado que determine o informe psicopedagógico correspondente.
- 2) Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular.
- 3) Priorizarase os apoios dos cursos inferiores aos superiores de Educación Primaria.
- 4) En Educación Infantil só se apoiará en casos de gravidade e determinados no correspondente informe.
- 5) Atenderase primeiro aos alumnos con reforzo educativo que repitan curso, logo ao resto dos alumnos que o precisen.
- 6) O apoio farase, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria.
- 7) Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das técnicas instrumentais básicas de conformidade co programa de intervención elaborado.
- 8) Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas de Linguas, Matemáticas e Ciencias Sociais e Naturais e non en Educación Física, Plástica, Música e Inglés.
- 9) As familias dos alumnos/as susceptibles de reforzo serán informados das medidas que se van a adoptar e os obxectivos que se pretenden conseguir. Farase por parte dos titores unha ficha de seguimento dos reforzos.
- 10) Os apoios que se fagan dentro da aula ordinaria polos especialistas en PT ou AL requirirán de polo menos unha sesión de coordinación entre especialistas, titor e orientador.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Os destinatarios/as do Plan Xeral de Atención á Diversidade serán:

- A totalidade do alumnado, respectando a súa diversidade, ante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

- Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas ou que manifeste dificultades graves de adaptación escolar: Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.
- Alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)

Os recursos humanos cos que contamos no noso centro son:

- Todo o profesorado do centro, xa que ofrece resposta a toda a diversidade do alumnado.
- Profesorado titor.
- Profesorado especialista das distintas materias.
- Profesorado de apoio: Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), compartida co CEIP de Petelos.
- Orientadora compartida co CEIP de Atín-Cela.
- Equipo directivo.
- Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas do alumnado.

As distintas funcións dos profesionais do centro serían as seguintes:

Claustro:

- Consensuar a definición do marco conceptual elixido polo claustro deste centro (que medidas de atención á diversidade se adoptan, como entendemos o proceso de aprendizaxe...).
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo e Concreción Curricular.
- Participar na elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade, onde se definen as funcións dos distintos profesionais, o modelo de intervención, os criterios xerais para decidir cando un alumno/a recibe apoio...
- Revisar o nivel de participación dos pais e nais.
- Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

Profesorado titor:

O profesorado titor, é a figura de referencia da totalidade dos alumnos e alumnas da súa aula, actuará como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable de relación coas familias.

Serán funcións do titor/a:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe de Estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.
- Segundo a Orden de 25 de enero de 2022, por la que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato en el sistema educativo de Galicia. , o titor/a realizará a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
- O profesorado titor colaborará co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e atenderá ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración de adaptacións curriculares coa colaboración do resto do profesorado que

atende ao alumno/a, o profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e o orientador/a.

- Facilitar a inclusión dos alumnos/as no grupo.
- Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo coas especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e resto de profesorado que interveñen directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun ciclo a outro.
- Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades educativas sobre todo aquilo que ten relación coas actividades docentes e rendemento académico.

Profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe:

Para coordinar as súas funcións, o equipo réunese unha vez á semana coa orientadora.

Funcións do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:

- Atención directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.
- Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. No caso da especialista de Audición e Linguaxe, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.
- Colaboración co Departamento de Orientación na elaboración do plano de actuación respecto ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración co profesor titor/a e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
- Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como os pais/nais destes alumnos/as.

- Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- O profesorado de Audición e Linguaxe prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria. Contará coa colaboración do orientador/a do centro.

Departamento de Orientación:

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.
- Detectar e avaliar as necesidades específica de apoio educativo do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.

- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.
- Organizar espazos e instalacións para a orientación, así como adquirir material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros de equipo de orientación específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

Equipo Directivo:

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Hai que sinalar o papel diferenciado do Equipo Directivo, como un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado e, especificamente, o rol da xefatura de estudos como coordinadora de todo o relacionado coa atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións...

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

A concreción das distintas actuacións sería:

TIPO DE MEDIDA	ACTUACIÓN DOS PROFESIONAIS
Programas de estimulación da linguaxe na etapa de Educación Infantil.	Programa de carácter preventivo levado a cabo polos titores/as co asesoramento da especialista en Audición e Linguaxe.
Recantos de actividade	Esta medida aplícase en Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria, os responsables son os Mestres/as titores.
Traballo por proxectos	Están promovidos dende a biblioteca e dinamización lingüística. O proxecto é común para todo o centro. Cada titor/a é responsable de levalo á cabo no seu grupo.
Grupos de apoio curricular	É unha medida de atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e serán atendidos polo profesorado con dispoñibilidade horaria.
Permanencia dun ano máis no ciclo	Decidirase a promoción do alumno/a de forma colexiada primando o criterio do titor/a.
Reforzo educativo	O levarán a cabo os titores/as, o profesorado con dispoñibilidade horaria e as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, segundo corresponda.
Adaptación Curricular	O titor e/ou os mestres das áreas que serán adaptadas elaboraran a Adaptación Curricular co asesoramento do Departamento de Orientación.
Flexibilización	Para levar a cabo esta medida precísase dunha valoración e informe do Departamento de Orientación que a xustifique.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS.

MECANISMOS INTERNOS

A nivel xeral durante o curso lévanse a cabo as reunións (CPP, Departamento de Orientación...) con fin de establecer unha coordinación entre o profesorado do centro.

Ademais realízanse as reunións Xerais que o equipo directivo estime oportunas.

MECANISMOS EXTERNOS

O CEIP Mestre Valverde Mayo está adscrito ao IES de Mos. O xefe/a do Departamento de Orientación do centro reúnese trimestralmente co orientador/a do IES. Ademais realízase unha xuntanza ao final de curso coa titora de 6º, xunto co orientador/a para aportar datos sobre os nenos e nenas que acudirán o próximo curso ao IES.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

FAMILIAS

As familias son un pilar fundamental no proceso de ensino aprendizaxe dos nenos e nenas, polo tanto, é necesaria a implicación das mesmas no proceso educativo. É importante unificar criterios e pautas que redunden nunha maior coherencia entre escola e familia.

Ainda que se establece un día á semana dentro do horario no lectivo de obrigada permanencia no centro de atención ás familias, atenderase ás

familias, na medida do posible, noutros horarios tendo en conta as súas características profesionais e laborais e o horario do profesorado implicado.

O centro educativo, inserto nun contexto, debe integrarse na comunidade como un recurso máis e, ao mesmo tempo, debe coñecer e aproveitar a rede de profesionais (educadores sociais, especialistas en saúde, traballadores sociais, etc.) e institucións de todo tipo (asociacións, centros de saúde...) que poidan redundar nunha mellor actuación educativa e nunha atención integral á diversidade do noso alumnado.

O equipo directivo e o orientador/a terán unha especial atención para facilitar o contacto co entorno: relación entre centros educativos, relación entre institucións, tanto de carácter municipal como autonómico.

SERVIZOS EXTERNOS:

As relacións que o centro establece cos servizos externos son as seguintes:

- **Equipo de Orientación Específico (EOE):**
 - Proporciona asesoramento e apoio ao Departamento de Orientación.
 - Información sobre os recursos e materiais para responder ás necesidades educativas.
 - Colaboración na Avaliación Psicopedagóxica.
 - Contribúe á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.
- **Servizos Sociais.**
- **Gabinetes pedagóxicos e psicopedagóxicos:** O Departamento de Orientación do centro mantén colaboración cos gabinetes co fin de unificar criterios e pautas de actuación a través de xuntanzas, do correo electrónico, chamadas telefónicas...
- **Asociacións** coas que exista convenio e outras, previa autorización das familias.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Adaptación Curricular (AC)

As adaptacións curriculares, ou adaptacións do currículo, son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagógico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Nelas deberán quedar moi claros os seguintes puntos:

- Datos persoais do alumno/a. Información relevante sobre a súa historia persoal, familiar e escolar.
- Profesionais participantes.
- Información relevante do proceso de avaliación.
- Definición das necesidades educativas especiais.
- Competencias adquiridas polo alumno/a.
- Nivel de competencia curricular.
- Proposta curricular: decisións relativas ao que, como e cando ensinar e avaliar nas áreas que precise.
- Obxectivos e contidos do currículo adaptado.
- Modalidade de apoio: área , profesionais, lugar e tempo.
- Materiais e recursos didácticos que máis poden favorecer a aprendizaxe do alumno/a.
- A temporalización das aprendizaxes planificadas na proposta curricular.
- O número e tipo de apoios (dentro ou fóra da aula) a realizar polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Criterios de avaliación.

- A adecuación dos instrumentos de avaliación (exame escrito, proba oral, participación na aula, caderno de clase, etc.) empregados para valorar eses obxectivos.
- As modificacións que se precisan no contexto da aula e/ou centro para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumno/a e a implementación das decisións adoptadas.
- Colaboración coa familia.
- Seguimento das decisións adoptadas.

Na súa elaboración están implicados o profesorado titor e o profesorado da área coa colaboración do Departamento de Orientación, así como de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno/a.

O proceso de elaboración das Adaptacións Curriculares debe ser dinámico e flexible. Aínda que a súa realización ten unhas fases claras (orde 8 setembro 2021) non debe tomarse como un proceso lineal no que non se pode pasar á seguinte fase sen haber esgotado a anterior.

A primeira fase comeza cunha reunión na que tomaran parte:

- Xefatura de estudos.
- Profesorado titor.
- Profesorado das áreas que se consideran obxecto de Adaptación Curricular.
- Profesorado de apoio.
- Profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica.

O obxectivo desta reunión é estimar a pertinencia da Adaptación Curricular e clarificar os elementos do currículo que deberán ser modificados.

En segundo lugar se solicitará unha autorización á inspección educativa a través do director/a do centro e se comunicará a decisión á familia.

Para realizar o seguimento e revisión da adaptación todos os profesionais implicados na atención educativa do alumno/a (profesorado titor e

de área, especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) valorarán a adecuación e grao de cumprimento da adaptación curricular. Realizarase unha vez ao trimestre e, como mínimo, ao rematar cada curso.

Desenvolvemento da Adaptación Curricular: O alumno/a obxecto de Adaptación Curricular estará Integrado na medida do posible no contexto ordinario, fóra del en casos excepcionais debidamente previstos na Adaptación Curricular e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

O referente para a elaboración da Adaptación Curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no Proxecto Curricular. O rexistro da mesma realizarase no expediente académico do programa Xade. O documento da Adaptación Curricular forma parte do expediente académico do alumno/a.

A avaliación da mesma realizarase seguindo os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe contemplados en dita adaptación.

Flexibilización do período de escolarización

Será presentando unha solicitude ante a Inspección Educativa xunto cos seguintes documentos:

- Informe elaborado polo Departamento de Orientación que xustifique a necesidade da medida.
- Conformidade dos pais ou titores legais.
- Copia do Historial Académico.
- Proposta de Adaptación Curricular.

Os prazos para presentar a solicitude para Educación Infantil e Educación Primaria será o mes de abril. A autorización virá da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 31 de xullo.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Tendo sempre como referentes os principios de inclusión e normalización, o orientador/a xunto coas especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os criterios de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Documentos utilizados polo departamento de Orientación para a demanda do titor/a e autorizacións para a familia:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Valverde Mayo
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
Avda. de Sanguñeda nº 125 - 36419 –
Sanguñeda-Mos.
Teléfonos: 886110356 – 886110358.
ceip.mestre.valverde@edu.xunta.gal

FICHA DE DEMANDA

Nome da persoa titora.....

Curso..... Data:

DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

Nome.....Apelidos.....

Data de nacemento..... Teléfono.....

Enderezo.....

DATOS FAMILIARES

Nome da nai

Nome do pai.....

Número de irmás/ns e lugar que ocupa

.....

Outras persoas que conviven coa familia

.....

DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

¿Presenta algunha alteración sensorial?

¿Padece algunha enfermidade grave ou crónica?

MOTIVOS DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO

¿É a primeira vez que se demanda esta intervención?

¿Quen demanda a intervención? (familia, profesorado...)

Describe o motivo polo que se solicita a intervención:

PASOS PREVIOS DADOS POLA PERSOA TITORA

1.- Aspectos máis relevantes do desenvolvemento do alumno/a.

2.- Aspectos relevantes aportados pola familia.

3.- Informe do resto do profesorado.

4.- Medidas adoptadas na aula.

5.- Datos relevantes do historial académico (adopción de medidas de RE, AC, áreas con dificultade, repetición de curso...)

Asdo.....

(Utilizar folla en branco e adxuntar a esta se é necesario expoñer máis datos).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Valverde Mayo
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Avda. de Sanguñeda nº 125 - 36419 –
Sanguñeda-Mos.

Teléfonos: 886110356 – 886110358.

ceip.mestre.valverde@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrealverde/>

A Orientadora do C.E.I.P Mestre Valverde Mayo, estima oportuno realizar unha valoración ao seu fillo/a, co obxecto de ter máis información para determinar se presenta unha necesidade específica de apoio educativo e poder orientarlle no seu proceso formativo.

D./Dna. _____

como pai/nai ou titor/a do alumno/a _____

escolarizado/a no curso _____ son informado da

intervención do Departamento de Orientación.

Para que así conste, asino a presente en

Mos, a _____ de _____ de _____

O Pai/Nai ou Titor/a

Asdo:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Valverde Mayo
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
Avda. de Sanguñeda nº 125 - 36419 –
Sanguñeda-Mos.

Teléfonos: 886110356 – 886110358.
ceip.mestre.valverde@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevalverde/>

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INFORMACIÓN Á FAMILIA

Don/a..... nai/pai/titor/a
do/a alumno/a, matriculado no
curso....., fun informado/a das necesidades educativas que
presenta o meu fillo/a, e estou dacordo en que se lle apliquen as medidas de
atención á diversidade de acordo co establecido no Decreto 229/2011, por
parte da profesora especialista en “*Pedagogía Terapeutica*” e/ou “*Audición e*
Linguaxe”.

- Reforzo pedagóxico.
Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Reforzo en audición e linguaxe.
Mestra especialista en Audición e Linguaxe.
- Outras:

Estas medidas levaráanse a cabo dentro do horario escolar.

Mos, a de de

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

.....

10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre a súa actuación e da previsión para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

A avaliación deste plan realizarase dun xeito continuo e formativo, mediante as reunións do Departamento de Orientación semanais e mensuais, así como a través das reunións semanais dos titores e das trimestrais de avaliación onde se detectarán posibles necesidades de modificación das intervencións.

Como criterios a seguir na avaliación sinalamos:

- Grao de adecuación do Plan Xeral de Atención á Diversidade ás necesidades do noso centro e ás modificacións legislativas.
- Resultados acadados coas intervencións realizadas ou propostas.
- Implicación e coordinación dos distintos elementos implicados: titores, profesores de apoio, equipo directivo, servizos externos...
- Grao de conexión das actividades do Plan Xeral de Atención á Diversidade cos outros plans en funcionamento no centro: Plan de Orientación, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial...

Quedarán recollidas dentro da memoria do Departamento de Orientación as propostas de mellora para elevar á CCP as modificacións pertinentes.